

Tema 8. O periodo de entreguerras.

8.1. A prosperidade dos anos vinte nos EEUU e en Europa.

Ó longo da década de 1920 ten lugar unha profunda remodelación económica na que podemos apreciar dúas situacións claramente diverxentes: unha situación de auxe económico nos EEUU, denominada popularmente *os felices anos vinte*, e unha situación de crise económica en Europa.

A prosperidade ou auxe económico nos EEUU foi espectacular e supuxo a culminación da 2ª fase da Revolución industrial, pois converteuse no centro:

- Das **innovacións na produción** como a concentración empresarial, o *taylorismo* (organización científica do traballo), a *standarización* (produción de pezas en serie), o *fordismo* (produción en cadea), a investigación tecnolóxica, etc.
- Das **industrias novas** como a eléctrica, a petroquímica, as químicas, a automobilística.
- Do **mercado financeiro**, que abastecía de préstamos ós países europeos en reconstrución.

Esta *prosperity* ou *boon* dos EEUU ten a súa explicación na conxunción dunha serie de factores:

- As grandes extensións de terra fértil para a agricultura e a gandería.
- A abundancia de materias primas minerais (ferro, carbón, cobre, petróleo).
- O culto ó empresario triunfador e innovador tecnicamente (Schumpeter)..
- A cualificación de técnicos e obreiros.
- A baixa presión fiscal e o proteccionismo ós produtos internos do Estado.
- Ó incremento dos salarios reais dos obreiros, que elevaba a súa capacidade de compra.
- A mellora dos sistemas de distribución de produtos (cadeas de almacéns, viaxantes).
- A facilidade para comprar grazas ós préstamos persoais e vendas a prazos.
- Ó emprego intensivo das campañas publicitarias en prensa, radio e cine e a introdución das modas (**sociedade de consumo**).
- O auxe espectacular do sector da construción, da industria do automóbil e da electrónica (electrodomésticos).

O forte incremento da produtividade, da produción e da demanda xera unha espiral de crecemento que permite ós empresarios acumular grandes fortunas; ós asalariados mellorar as condicións laborais e os salarios e obter seguros sociais e vacacións pagadas. Os consumidores mellores prezos e novos e abundantes produtos: a prosperity aparece asociada á abundancia, ó benestar e ó *american dream*.

Pero a abundancia tamén dá vida a desaxustes e pantasma na sociedade americana entre os que cabe destacar:

- A intolerancia dos WASP (brancos, anglosaxóns e protestantes) coas restantes minorías (negros, xudeus, católicos...), que leva a aparición de Ku-klux-klan e de leis reducindo as entradas de inmigrantes.
- A prohibición de fabricación, venda e consumo de alcohol ou *lei seca* que favorecen a aparición do mercado negro, e a violencia das bandas de gansters.
- O exceso de produción agrícola e industrial que non poden absorber os consumidores e provoca sobreprodución.
- A febre especulativa nos mercados de valores, comprando con diñeiro de créditos nunha espiral de endebedamento privado incontrolado.

Ademais a prosperidade dos anos vinte, nos EEUU, non alcanzou a todos os sectores:

- Os obreiros e xornaleiros viron crecer os seus salarios lentamente, mentres os beneficios dos empresarios crecían espectacularmente.

- Os campesiños e os gandeiros viron decrecer os prezos dos seus produtos, pola caída das exportacións ao finalizar a Primeira guerra mundial mentres tiñan que continuar a pagar préstamos solicitados durante a guerra para aumentar a produción.
- Os obreiros das industrias tradicionais perderon os seus empregos e tiveron que aceptar salarios inferiores nas novas industrias.
- Os obreiros, xornaleiros, campesiños e gandeiros protagonizaron unha migración incontrolada cara ás grandes cidades á procura da prosperidade, pero acaban instalándose en inmensos barrios marxinais.

Paralelamente á *prosperity* dos EEUU as **economías europeas** pasan por un proceso evolutivo complexo:

- Inicialmente sofren unha forte crise económica derivada do crecemento excesivo da demanda, que provoca unha acelerada inflación nos prezos. Ante a inflación os gobernos europeos reaccionan de xeito diverxente: Gran Bretaña opta por restrinxir o consumo dificultando os créditos (logran baixar os prezos a cambio de paro) e Alemaña opta por non frear o consumo (sofre unha hiperinflación salvaxe que, unida á obriga de pagar as reparacións de guerra, arruinou a súa economía).
- A mediados da década (1925) inician unha clara recuperación a base de protexer con aranceis os seus mercados internos e grazas a estabilidade monetaria e fluidez de crédito lograda polos acordos de equilibrio do **Plan Dawes** de 1924.
- A fins da década, entraron nunha fase de expansión enganosa, posto que dependía dun curioso triángulo financeiro: os inversores de EEUU facían préstamos a Alemaña, Alemaña pagaba con eses préstamos as reparacións a Francia e Gran Bretaña e Francia e Gran Bretaña pagaban coas reparacións as débedas ós EEUU xerando un triángulo vicioso de circulación de capitais.

Realmente as economías europeas ó longo dos anos vinte atravesaron un período de profunda debilidade e de forte dependencia dos inversores norteamericanos. Os europeos viviron agobiados por dous fantasmas económicos: a caída de produción, que provocaba paro, e a hiperinflación nos prezos, que supoñía a ruína dos aforradores e o desorde monetario.

Polo tanto se a recuperación e expansión das economías europeas ó longo dos anos vinte dependeron do auxe da economía dos EEUU, tamén é certo que o seu derrumbe resultou un efecto directo da propia crise do modelo da *prosperity*, que ten lugar en 1929 e arrastra a toda a economía mundial a unha profunda depresión na década de 1930.

8.2. A crise do 1929 e a Grande depresión. Consecuencias e respostas.

A crise económica de 1929 podemos definila como unha crise da demanda, que provoca un colapso da economía mundial. A produción mundial na súa expansión entra, en certos sectores, nunha fase de sobreprodución por falta de compradores capaces de absorber tal volume de produtos.

O colapso iníciase nos EEUU como unha crise múltiple:

- **Unha crise ou crac bursátil**, O crecemento continuo dos beneficios empresariais animou a moitos estadounidenses a comprar accións no mercado da bolsa, esta demanda crecente provocou unha subida continuada do valor ou cotización das accións, que levou a moitos norteamericanos a solicitar créditos aos bancos para investir na bolsa: foise estendendo a convicción de que *canto antes e canto máis se investise máis ganancia obteríase*. A obsesión especulativa alcanzo ata aos agricultores, gandeiros e obreiros, que solicitaban créditos para comprar accións coa esperanza de participar na *prosperity*. Os bancos concedían créditos con facilidade, tomando como garantía a hipoteca das propiedades e dos negocios, pero

moitas veces bastáballes como garantía a hipoteca das propias accións que se pretendían comprar.

Como un inmenso número de persoas estaba disposto a comprar a calquera prezo, as cotizacións subiron moi por encima do valor real do que representaban. Ao longo de 1929 tratouse de estender entre os estadounidenses a idea de que *a cotización das accións non podían continuar a elevarse indefinidamente* e paralelamente os bancos decidiron reducir as facilidades para conceder préstamos. Pero a maioría dos estadounidenses entendeu que estes avisos eran un intento dos grandes inversores de enganalos, para acapara eles todo o negocio da bolsa.

A espiral especulativa derivou en vértigo:

- **O 24 de outubro de 1929 ou Xoves Negro**, os inversores entraron en estado de pánico ante a propagación do rumor de que as accións xa non subirían máis de valor: impúxose a convicción de que *quen vendese antes perdería menos*.
- **O 29 de outubro de 1929 ou Martes Negro**, son os banqueiros os que entran en estado de pánico, ao asustarse ante a brusca caída de valor das accións. O pánico estaba causado pola circunstancia de que moitos dos créditos estaban garantidos unicamente polo valor de accións. Os bancos decidiron, simultaneamente, reclamar aos seus clientes o pago de préstamos pendentes, esta reclamación obrigou a moitísimo propietarios de accións a tratar de vender a calquera prezo e provocou un esborralle xeneralizado e continuado das cotizacións: *todos necesitaban vender e ninguén estaba disposto a comprar*.
A oleada de ordenes de venda e a inexistencia de ordenes de compra (pánico inversor) provocou o crac da bolsa de New York.
- **Unha crise bancaria**, motivada pola incapacidade dos bancos para facer fronte á retirada de depósitos dos aforradores, para ofertar créditos e para lograr cobrar os préstamos xa concedidos: moitos bancos dos EEUU optaron por recuperar capitais prestados en Europa, arrastrando ós bancos alemáns, austríacos, franceses, británicos á bancarrota.
- **Unha crise monetaria**, pois os estados gastan enormes cantidades das reservas de ouro tentando frear os efectos da crise bancaria, desestabilizando o equilibrio entre as moedas sen lograr reducir o impacto da crise e prexudicando a fluidez do comercio.

As consecuencias da crise múltiple de 1929 afectaron sobre todo á economía real dos EEUU e posteriormente ás dos países capitalistas europeos arrastrados economicamente pola retirada dos créditos americanos e do resto do mundo capitalista polo brutal descenso do comercio exterior.

Esta crise ou depresión da economía mundial tivo consecuencias sobre:

- A agricultura, pois os prezos dos produtos sofren un forte descenso provocando a ruína dos campesiños incapaces de facer fronte ás hipotecas e débedas.
- A industria, xa que os prezos dos produtos industriais acusan un grande descenso obrigando a moitas empresas a reducir ou cerrar a produción, por incapacidade para seguir producindo sen vender e sen recibir créditos.
- O comercio, posto que os intercambios de produtos decaen no mercado interno e case se paralizan nos mercados exteriores pola caída do consumo e pola tendencia dos gobernantes a introducir aranceis proteccionistas contra as importacións.

Pero sobre todo a crise de 1929 trae como consecuencia o éxodo rural de millóns de campesiños cara os espazos urbanos, incrementando así o angustia dos obreiros da industria e os funcionarios

acosados por unha fortísima caída dos salarios e o fantasma do paro. Unha inmensa parte da poboación deambula sen emprego en situacións de miseria (*As uvas da ira*, J. Steinbeck).

Para dar resposta á crise e amortecer os efectos da depresión económica os gobernantes apostaron por políticas moi diversas:

- Nos primeiros anos da depresión (1930-32) case todos os economistas alentaban ós gobernantes a apostar por aplicar **políticas deflacionistas** como: impoñer trabas para conceder créditos (incrementando o tipo de interese), reducir o presuposto do Estado, controlar os intercambios comerciais internos e elevar os aranceis (favorecendo as exportacións e prexudicando as importacións). Estas medidas deflacionistas provocaron unha forte caída do consumo, que agravou o descenso da produción, a diminución de ingresos por impostos do Estado, a desconfianza de investidores e empresarios e, sobre todo, o incremento dos desempregados. Polo tanto os intentos de reducir os prezos acabaron por agravar a depresión da economía orixinada pola crise múltiple de 1929.
- Ante os efectos tan negativos das políticas deflacionistas, algúns políticos (Italia, EEUU, Alemaña...) preferiron aplicar **políticas claramente intervencionistas** como: converter o Estado en investidor e produtor directo con grandes obras públicas, favorecer con préstamos e subvencións a sectores básicos da economía, decretar mediadas ou seguros sociais para traballadores e parados. As medidas intervencionistas facilitaron a creación de emprego, posibilitaron o aumento da demanda de produtos e animaron a actividade dos investidores e empresarios. Non só se amorteceron os efectos da crise senón que tamén potenciaron a recuperación económica.

A clave da saída da depresión económica estivo en que certos gobernantes tiveron o atrevemento de apostar polas ideas do economista británico **Keynes** (Keynes afirmaba que ante unha crise da demanda resultaba absurdo dificultar os créditos e reducir os salarios, suxería como saída incrementar os gastos e préstamos do estado para animar a economía cun ascenso do emprego e o estado de benestar) e provocar fortes déficits públicos, gastando por enriba dos ingresos, coa clara meta de superar a crise e iniciar a recuperación económica. Entre os casos máis destacables están:

- **A proposta da New Deal de F.D.Roosevelt** que, tras permitirlle gañar as eleccións a Hoover (defensor de políticas deflacionistas) en 1932 ilusionando ós estadounidenses, supuxo a aplicación de medidas intervencionistas como: A Lei de reconversión da Banca, para lograr confianza nos inversores; os grandes gastos en obras públicas, para crear emprego; as subvencións ós agricultores, para recuperar a produción agrícola; o apoio ós sectores industriais máis afectados pola crise, para facilitar a recuperación da produción; os programas de axudas sociais para parados, para paliar as condicións de miseria e marxinação.
- A proposta da Gran Alemaña de Hitler que, tras alcanzar o poder en 1933 ilusionando ós alemáns co rexeite da tripla humillación económica, territorial e militar do Tratado de Versalles, supuxo o inicio dunha política de forte intervención do Estado sobre a economía con medidas como: os grandes gastos en obras públicas e o rearme para absorber o paro, o apoio as grandes concentracións empresariais para favorecer a competencia no exterior, a recuperación do control sobre territorios claves como o Sarre, os programas de seguros sociais, etc.

A saída da crise dos EEUU permitiulles prestar atención a expansión imperialista de Xapón polo Pacífico e a Alemaña tratar de impoñer os seus intereses en centroeuropa fronte a Francia e Gran Bretaña.

8.3. O cuestionamento da democracia e o auxe dos fascismos.

8.3.1. O cuestionamento da democracia.

Ante a complexa e tensa situación política de entreguerras as democracias liberal-parlamentarias sofren un profundo desprestixio debido a:

- O sucesivo malestar co modelo de liberalismo económico ante o fracaso das solucións á crise de reconversión da economía de posguerra, o crac do 29 e a Grande Depresión da década de 1930.
- A crispación social alentada polo triunfo da Revolución rusa, os intentos de revolución en Alemaña, as revoltas nacionalistas en Europa central e as vagas de folgas en Francia e Gran Bretaña.

Neste contexto de malestar e crispación as democracias liberal-parlamentarias debíltanse e a poboación perde interese polo que se decide nos parlamentos. Os intentos dos políticos liberais por atraer á poboación en apoio da democracia ampliando a base social (ampliando o sufraxio universal ás mulleres, admitindo como legais a moitos partidos), chocan co desprezo dos propios políticos e cidadáns que xa nada esperan dos partidos tradicionais. A maioría da poboación opta por apoiar ós novos partidos de masas (de campesiños, nacionalistas, socialistas, fascistas...), que ofrecen novas propostas políticas de carácter totalitario ante o fracaso das políticas reformistas dos liberais.

Pero a pesar da crise das democracias, na Gran Bretaña, Francia e USA os políticos souberon adaptarse ós cambios de entreguerras, integrando a nova sociedade de masas no xogo político parlamentario, logrando canalizar o descontento de obreiros, campesiños e clases medias e cortando así a posibilidade de que os partidos fascistas ou socialistas chegaran a facerse co poder. Os liberais souberon manter a lexitimidade e credibilidade e incluso atraer ós socialdemócratas (socialistas) a formar coalicións electorais e gobernos compartidos para fortalecer as propostas democráticas fronte ós totalitarismos.

No período de entreguerras conviven réximes moi diversos (ditaduras fascistas, réximes comunistas, democracias parlamentarias) en permanente tensión, que evolucionará ata desembocar no conflito bélico coñecido como Segunda guerra mundial.

8.3.2. O auxe do fascismo.

O fascismo xorde como un fenómeno totalitario, aproveitando o desprestixio das democracias liberais e o temor ó avance das ideas socialistas e anarquistas.

Dentro das bases do fascismo podemos distinguir:

1. **Bases ideolóxicas:** As ideas fascistas xorden como o rexeitamento dos principios do liberalismo e do socialismo e polo tanto afirmanse en sentido negativo (en contra de). Destacan:
 - **As ideas antiliberais:**
 - * Primacía do Estado sobre o individuo e dos dereitos colectivos sobre os individuais.

- * Rexeitamento do parlamentarismo, da división de poderes e da soberanía nacional, porque o líder, xefe ou caudillo encarna todos os poderes e a vontade nacional.
- **As ideas antidemocráticas:**
 - * Fronte á igualdade democrática, defenden unha sociedade de superiores e inferiores.
 - * Fronte á pluralidade (de razas, nacións, culturas, ideoloxías e partidos) defenden unha raza pura, unha nación superior, unha cultura dominante, unha única ideoloxía verdadeira e un partido único.
- **As ideas anticomunistas e anticapitalistas:**
 - * Rexeitan o internacionalismo proletario e a loita de clases.
 - * Rexeitan a liberdade de mercado e a iniciativa privada.
 - * Defenden o nacionalismo económico de orientación autárquica ou autoabastecemento..
- **As ideas antipacifistas:**
 - * Defenden as teorías socialdarwinistas, para xustificar un imperialismo militarista con base na necesidade de espazo vital (*Lebensraum*/Grande Alemaña) e na recuperación de espazos históricos (irredentismo italiano).
 - * Rexeitan o reparto colonial e o mapa de Europa impostos por Gran Bretaña e Francia.
- **As ideas antirracionaisistas:**
 - * Exaltan os sentimentos, as paixóns e as crenzas fronte ó racionalismo e o positivismo científico.
 - * Defenden o dogmatismo e a intolerancia.
- 2. **Bases sociais:** Os partidos fascistas logran os seus militantes e votantes entre:
 - Ex-combatentes resentidos que esixen ser tratados como heroes e non como marxinados.
 - Xoves nacionalistas frustrados pola ineficacia do sistema liberal e polas fronteiras impostas na Conferencia de París.
 - Clases medias temerosas das crises económicas e da proletarización ou miseria.
 - Parados angustiados pola falta de esperanza na recuperación económica.
 - Grandes financeiros, industriais e terratenentes, que esperan dos fascistas que freen a axitación social dos socialistas, comunistas e anarquistas.
 - Militares e burócratas da administración, que esperan sacar vantaxes do militarismo e da estatalización proposta polos fascistas.

3. **Instrumentos claves:** Para convencer á poboación e acceder ó poder os fascistas valéronse de:

- **O Partido único e sindicato único**, apoiado por organizacións paramilitares para impoñelo
- O recurso á violencia e ó terror.
- A agrupación e mobilización de grandes masas.
- O culto ós símbolos.
- O uso dos novos medios de comunicación de masas (radio, cine)
- A manipulación da cultura e da ciencia.
- O sometemento a un líder carismático.
- Os escritos e discursos demagóxicos.

A aparición de reaccións totalitarias ten lugar en todo o mundo en grado diferente, con forte impacto nos seguintes países: Austria, Rumanía, Checoslovaquia, Noruega, G. Bretaña, Francia, Bélxica, Holanda, Portugal, populismos iberoamericanos, Xapón, España pero pola súa orixinalidade e transcendencia histórica debemos destacar o fascismo italiano e o nazismo alemán.

O fascismo italiano (1922-1943).

A Primeira guerra mundial deixou en Italia certas secuelas:

- Unha grave crise económica que provocou numerosas folgas e accións revolucionarias (toma de fabricas, ocupación de terras, etc.).
- Un profundo sentimento de frustración, ante os escasos territorios concedidos a Italia na Conferencia de París de 1919. Os excombatentes ou **camisas negras** tenderon a protagonizar actos de protesta reclamando as **terras irredentas**, que non lograrán integrar no proceso de unificación e que lles prometeran os aliados.
- Unha forte inestabilidade política, pois ningún partido lograba maiorías estables para gobernar. As continuas crises de goberno provocaron grande temor a unha revolución e que os grandes empresarios, os grandes terratenentes, o clero, as clases medias, gran parte do exercito e o propio rei acabarían por rexeitar os políticos liberais e apostarán por Benito Mussolini e polo seu **Partido Nacional Fascista** nacido dos *Fasci italiani di combattimento*: os grupos fascistas demostraron ser capaces de acosar con violencia os sindicalistas e os políticos e de abortar convocatorias de folga ... e de retar o goberno coa **Marcha sobre Roma** de 1922 (miles de camisas negras ocuparon os edificios públicos logrando a dimisión do goberno e que o rei Víctor Manuel III chamase a formar goberno a Mussolini).

A chegada ó poder de Mussolini, en 1922, liderando ós camisas negras do partido fascista supuxo o inicio dunha progresiva decadencia da democracia en Italia, que se confirma en 1922 cando Mussolini opta por asumir tódolos poderes (para non ter que dar explicacións ante o parlamento polo asasinato de dun líder socialista executado por militantes fascistas). Converténdose nun ditador, que prohibiu tódolos partidos e sindicatos (excepto o partido e o sindicato fascista)

As claves do éxito de Mussolini foron:

- Presentarse como o guía ou *duce* capaz de dirixir ós italianos á conquista dos territorios irredentos e a conquista dun imperio colonial na costa balcánica do mar Adriático e en África.
- Ofrecerse ós propietarios como o salvador capaz de impedir unha revolución socialista e de protexer a propiedade privada.
- Apostar por un modelo de estado intervencionista na economía e corporativista (*Carta di lavoro* 1927) baseado no fomento da produción industrial e agrícola, compra das accións de empresas en dificultades, proteccionismo contra as importacións, programa de grandes obras públicas para frear o desemprego, imposicións de seguros sociais para protección dos obreiros.
- Utilizar o sistema educativo e os medios de comunicación para difundir os valores fascistas.

O nazismo alemán (1933-1945).

A Primeira guerra mundial deixou certas secuelas en Alemaña:

- Unha grave crise económica, caracterizada polas dificultades para facer fronte o pago das débedas de guerra e das reparacións impostas no Tratado de Versalles, a hiperinflación, a espectacular depreciación do marco alemán que derivan no peche de empresas, a ruína das clases medias e o desemprego de numerosos obreiros. A economía estabilizouse cos préstamos dos bancos norteamericanos; pero coa retirada de eses préstamos, tras a crise de 1929, e as medidas de carácter deflacionistas entrou nunha profunda recesión producindo seis millóns de desempregados.
- Unha forte inestabilidade política, caracterizada pola debilidade dos gobernos da República de Weimar e polos constantes intentos de golpe de estado (intento de insurrección dos comunistas,

coa intención de implantar o modelo soviético, en 1919; intento dos nacionalistas de tomar Berlín, en protesta contra o Tratado de Versalles, en 1920; intento de pronunciamento nacionalista en Múnic, dirixido por Hitler con pretensións antidemocráticas, en 1923). A estabilización económica favorecerá a estabilidade política pero o fin desta a reiniciará.

Hitler, tras o fracaso de Múnic, o saír do cárcere de Landsberg logrará converterse no xefe do Partido Nacionalsocialista e das SA (seccións de asalto ou escuadróns paramilitares) denominado o *führer*. Recolle o seu ideario político no libro *Mein Kampf* (rexeitamento da democracia, do bolxevismo, dos xudeus, defensa da superioridade da raza aria, da necesidade de lograr unificar a Gran Alemaña e de conquistar *lebensraum* a costa dos pobos eslavos) e crea as SS (grupo de protección persoal do *führer*).

O partido nacionalsocialista (nazis) aproveitou o malestar social provocado polo rebrote da crise económica, agora derivada do crac de 1929, para difundir o seu discurso antiliberal, antisocialista, antisemítico e de rexeitamento do Tratado de Versalles logrando, en 1933, un verdadeiro éxito electoral.

O éxito dos nazis pode explicarse polo apoio que lograron entre:

- As clases medias urbanas, asustadas polo empobrecemento e a posibilidade do triunfo dunha revolución socialista.
- Os campesiños, arruinados polos efectos da crise.
- Os obreiros, desesperados polo brutal desemprego.
- Os empresarios e financeiros, animados polo discurso económico proteccionista e antisocialista de Hitler (abandonan os liberais e pasan a financiar o Partido Nacionalsocialista).
- Os militares e ex-combatentes, entusiasmados polo nacionalismo revanchista e o militarismo imperialista.

Os grandes triunfadores nas eleccións foron os nazis e os comunistas. Os partidos liberais preferiron formar unha coalición cos nazis e favorecer o nomeamento de Hitler como presidente de goberno. Hitler inmediatamente logrou a disolución do parlamento e convocou novas eleccións co obxectivo de lograr unha ampla maioría de parlamentarios. Para aumentar as posibilidades electorais Hitler decidiu:

- Prohibir a prensa e as reunións dos políticos da oposición.
- Encargar os dirixentes das S.A. accións terroristas como persecucións, atentados e aproveitou o incendio do Reichstag para inventar unha conspiración comunista contra o partido nazi.

Aínda que o novo éxito electoral non foi total, Hitler logrou que o parlamento lle outorgase o presidente de goberno plenos poderes para legislar por decreto e mais tarde ser nomeado tamén presidente do Estado alemán (proclamase *Führer* do III Reich).

O *Führer* confirmou as súas actitudes dictatoriais ó:

- Ordenar o asasinato de 300 dirixentes das S.A. para eliminar todo posible rival dentro do seu partido (**noite dos coitelos longos**).
- Decretar a disolución de todos os partidos e sindicatos (excepto os nazis).

- Suprimir a autonomía dos *Landers* para ter centralizado todo o poder desde Berlín.
- Encargar as SS (nova policía) e a *Gestapo* (policía secreta) a represión dos opositores e a creación de campos de concentración.

O ter controlado todo o poder Hitler centrou os seus esforzos:

- Na recuperación económica logrando sacar a Alemaña da depresión económica e convertela nunha potencia industrial aplicando unha política de forte intervencionismo: fomentou a industria de armamento, impuxo un control sobre os prezos e salarios, investiu en plans de obras públicas, favoreceu as concentracións empresariais e a banca (elevase a produción,redúcese a inflación e descende moito o paro).

- Na protección da raza aria logra convencer os alemáns da súa pertenza a unha raza superior e da necesidade de conservar a súa pureza: decidiu favorecer a natalidade dos arios, excluír os discapacitados físicos e psíquicos, perseguir as minorías étnicas,etc.(especialmente importante foi o acoso os xudeus ou semitas, que se iniciou cun boicot os seus negocios, a prohibición de matrimonios mixtos con arios, a perda da nacionalidade alemá, a obriga de levar un distintivo identificador (**a noite dos cristais rotos**, de 1938, foi unha cadea de atentados contra negocios, incendios de sinagogas e asasinatos de xudeus).

- Na nazificación da cultura e da educación logra eliminar toda difusión de valores disidentes: prohibindo publicacións e actos culturais, queimando libros, depurando profesores.

- Na uniformización ideolóxica logra integrar a un grande número de xoves alemáns nas Xuventudes Hitlerianas e silenciar a socialistas e comunistas con represión.

- A creación da Gran Alemaña logra recuperar territorios perdidos no Tratado de Versalles e o deseado *anschluss* ou unificación con Austria en 1938.

- A conquista do *lebensraum* logrando ocupar os territorios dos pobos eslavos (considerados de raza inferior, como Polonia, Ucraína,etc.) para facer posible o progreso do III *Reich*.

- A destrución dos xudeus e dos bolxeviques: logra un brutal impacto sobre a poboación xudea cos campos de exterminio e un gran fracaso co intento de invasión da URSS (durante a II Guerra Mundial).

A coincidencia na ideoloxía e nos obxetivos expansionistas, leva a Mussolini e a Hitler a aliarse na década de 1930 (eixo Berlín – Roma): Os éxitos da política económica intervencionista e das conquistas territoriais de Mussolini e Hitler chocan cos intereses dos soviéticos da URSS, dirixidos por Stalin, e cos intereses dos EE.UU., dirixidos por F.D. Roosevelt: II Guerra Mundial.